

Medidas extraordinarias adoptadas fronte ao COVID 19. Información para persoas demandantes de emprego en xeral.

Como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 as oficinas de emprego pecharon ao público pero continúan traballando para ti, ofrecendo atención telefónica e telemática para os trámites máis urxentes.

Para iso, Emprego Galicia, en coordinación co Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE), adoptou as seguintes medidas:

- **NON será necesario renovar a demanda de emprego** ata o 30 de abril de 2020.
- Se estás afectado/a por un expediente temporal de suspensión de contratos ou redución de xornada (ERTE) **NON tes que facer ningún trámite** para solicitar a túa prestación. Unha vez estea autorizado o dito ERTE, a empresa remitirá os datos necesarios para iniciar a tramitación de oficio.
- Se o que necesitas é obter información ou solicitar unha prestación ou subsidio contacta antes coa Oficina de Prestacións dependente do SEPE, **independentemente da situación da túa demanda de emprego**. Para facelo, tes que empregar o sistema de cita previa virtual. Fai un uso responsable deste sistema e, antes de solicitar a túa cita, consulta no portal do SEPE as medidas implementadas nesta situación extraordinaria:
- Se tes que realizar **calquera outro trámite** urxente na túa demanda de emprego ou **solicitar un certificado ou un informe**, poderás facelo:
 - a través da Oficina virtual: reactivación da demanda despois dunha baixa por colocación non superior a 365 días.
 - poñéndote en contacto coa túa oficina de emprego telefonicamente ou a través dun correo electrónico.
- NON se dará de baixa ás **persoas estranxeiras** que teñan pendente a renovación dunha autorización administrativa ou estean pendentes de presentar algunha documentación xustificativa.
- NON se esixirá a acreditación da **busca activa de emprego (BAE)** na solicitude do subsidio extraordinario ou renda activa de inserción.
- Quedan suspendidas as citas presenciais de **orientación laboral**.

- Quedan aprazadas, mentres dure a suspensión das actividades educativas, as **accións de formación profesional para o emprego** xestionadas ou financiadas pola Xunta de Galicia, os obradoiros de emprego e os programas integrados de emprego.

Fonte: www.xunta.gal